

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

7690 Orde HAP/1364/2016, do 29 de xullo, pola que se modifica a Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado.

A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, regula, nos seus artigos 130 e seguintes, a estrutura da Conta Xeral do Estado, a súa formación pola Intervención Xeral da Administración do Estado, así como a súa posterior remisión ao Tribunal de Contas.

Mediante a Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, regulouse a elaboración da Conta Xeral do Estado e establecéronse as especialidades que se aplicarían na elaboración da dita conta xeral en relación coas normas sobre consolidación de contas no ámbito do sector público, aprobadas pola Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.

Esta norma supuxo a elaboración da Conta Xeral do Estado como unha conta única consolidada, desde a correspondente ao exercicio 2014.

A experiencia no primeiro ano de elaboración da Conta Xeral do Estado consolidada fai necesario regular a consolidación en determinados casos que non estaban especificamente regulados na citada orde. Así mesmo, considerouse necesario ampliar o contido da memoria da dita conta xeral.

Así, esta orde estrutúrase nun artigo único e nunha disposición derradeira.

A aprobación desta orde realízase por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo coas competencias que ao dito centro directivo lle outorga o artigo 124.c) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para determinar o contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de consolidación da Conta Xeral do Estado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado.*

A Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado, queda modificada como segue:

Un. Engádense os números 4, 5 e 6 ao artigo 5, Métodos de integración das contas anuais, coa seguinte redacción:

«4. A integración na Conta Xeral do Estado das entidades incluídas por posta en equivalencia nas contas consolidadas de varios grupos empresariais realizarase mediante a integración das contas consolidadas dos citados grupos. Se existe algunha participación adicional no capital das ditas entidades, a integración realizarase mediante o procedemento de posta en equivalencia modificado.

Este procedemento consiste en realizar o procedemento de posta en equivalencia, é dicir, actualizar o valor do investimento na entidade á porcentaxe de participación no seu patrimonio neto, sen efectuar homoxeneizacións previas nin eliminacións de resultados por operacións internas.

5. A integración na Conta Xeral do Estado de entidades que non teñen o carácter de entidade de crédito pero que se encontran incluídas nas contas consolidadas dunha entidade de crédito realizarase mediante a integración das ditas contas consolidadas.

6. A integración na Conta Xeral do Estado de entidades que realizan actividades distintas das de seguros pero que se encontran incluídas nas contas

consolidadas dunha entidade de seguros realizarase mediante a integración das ditas contas consolidadas.»

Dous. Engádese unha nova alínea b) ao artigo 7, Información que se deberá incluír na memoria consolidada, coa seguinte redacción, pasando as actuais alíneas b), c) e d) a ser as alíneas c), d) e e), respectivamente:

«b) En relación co número 6, Axustes e eliminacións, informarase, ademais, da contía das cotizacións sociais por conta do empregador que non foron obxecto de consolidación e a súa motivación.»

Tres. Modifícase a disposición transitoria sexta, Integración das contas das entidades multigrupo e asociadas con participación indirecta da Administración xeral do Estado que non formen parte dun grupo consolidado, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria sexta. *Integración das contas das entidades multigrupo e asociadas con participación indirecta da Administración xeral do Estado que formen parte dun grupo consolidado.*

A integración das contas das entidades multigrupo e asociadas con participación indirecta da Administración xeral do Estado que non formen parte dun grupo consolidado realizarase a partir da elaboración da Conta Xeral do Estado correspondente ao exercicio 2017.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* e será aplicable á Conta Xeral do Estado do ano 2015 e seguintes.

Madrid, 29 de xullo de 2016.—O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.